

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de xaneiro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei en Comisión

- 1.1 405 (10/PNC-000013)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a creación polo Goberno galego dunha bolsa de tres corpos periciais especializados na loita contra a corrupción, a súa posta á disposición dos xulgados de instrución de Galicia e a súa difusión a través das canles conveniadas co Consello Xeral do Poder Xudicial e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016
- 1.2 820 (10/PNC-000070)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 5 máis
Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha nova orde de axudas para o ano 2017 que colabore co labor que está realizando o asociacionismo veciñal en Galicia.
(Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 1.3 968 (10/PNC-000086)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema Lexnet na Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016
- 1.4 1116 (10/PNC-000103)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa cooperación galega ao desenvolvemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 1.5 1125 (10/PNC-000104)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denunciadas referidas á inclusión por algúns clubs deportivos femininos nos contratos laborais coas súas xogadoras de cláusulas que posibilitan no caso de embarazo a súa rescisión unilateral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 1.6 1368 (10/PNC-000136)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a creación dun novo xulgado do social no partido xudicial de Lugo e, namentres, o nomeamento dun ou dunha xuíz de reforzo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016

1.7

2454 (10/PNC-000255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno español respecto das discriminacións das persoas con discapacidade que desexan contraer matrimonio

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016

1.8

2592 (10/PNC-000267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á elaboración dos distintos modelos de pregos de contratos públicos que incorporen as innovacións contidas na normativa galega, así como as guías que a desenvolveron e as novidades que incorpore a lexislación básica

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Luis Villares Naveira	EM

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. **Proposicións non de lei en Comisión**

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 405(10/PNC-000013)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a creación polo Goberno galego dunha bolsa de tres
corpos periciais especializados na loita contra a corrupción,
a súa posta á disposición dos xulgados de instrución de
Galicia e a súa difusión a través das canles conveniadas co
Consello Xeral do Poder Xudicial e o Tribunal Superior de
Xustiza de Galicia

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira**, e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A loita contra a corrupción nos xulgados de Galicia atopa como principais dificultades na instrución a complexidade de determinadas estruturas, tanto a nivel administrativo como económico e informático, que precisan dunha asistencia pericial moi específica e especializada, que non está posta a disposición dos Xulgados de instrución de forma sistemática e inmediata. Esta carencia trae como consecuencia a dificultade ou a imposibilidade para os Xulgados de cumprir cos prazos procesuais establecidos de duración máxima da instrución no art. 324 da Lei de Xuizamento Criminal. Esta situación vulnera o prescrito no art. 6.1. do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que obriga á tramitación das causas penais nun tempo razoable, como ten lembrado en numerosas ocasións o Tribunal Constitucional.

Esta situación causa ademais unha indesexable percepción social de lentitude e ineficacia do sistema xudicial na súa función de loita contra a corrupción e de Poder do Estado encargado de tutelar dereitos cidadáns e evitar abusos de poder.



Por esta razón, e con independencia dos medios propios da Policía Xudicial na materia, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que **dispoña a creación dunha bolsa de tres corpos periciais especializados**; o primeiro deles en urbanismo e contratación administrativa; o segundo en análise económica e contable; e o terceiro en materia de informática, que se poñan a disposición de todos os xulgados de instrución de Galicia, e a súa difusión por medio das canles conveniadas co Consello Xeral do Poder Xudicial e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/10/2016 14:16:58

Paula Vázquez Verao na data 21/10/2016 14:17:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2016 14:17:10

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/10/2016 14:17:17

Carmen Santos Queiruga na data 21/10/2016 14:17:20

Antón Sánchez García na data 21/10/2016 14:17:23

Eva Solla Fernández na data 21/10/2016 14:17:26

Luca Chao Pérez na data 21/10/2016 14:17:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 405
Data envío: 21/10/2016 14:19:59.237



Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2016 14:17:32

Magdalena Barahona Martín na data 21/10/2016 14:17:35

José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2016 14:17:38

Francisco Casal Vidal na data 21/10/2016 14:17:41

David Rodríguez Estévez na data 21/10/2016 14:17:45

Marcos Cal Ogando na data 21/10/2016 14:17:48

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 820(10/PNC-000070)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 5 máis

Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha nova orde de axudas para o ano 2017 que colabore co labor que está realizando o asociacionismo veciñal en Galicia. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Sol Díaz Mouteira, Cesar Fernández Gil, Ignacio López-Chaves Castro, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, regula nos artigos 255 e 256 as asociacións de veciños, determinando especificamente que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das que se constituán para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; que as constituídas con esta finalidade terán a consideración de entidades de participación cidadá; que poderán federarse dentro de cada municipio; que a Xunta de Galicia levará un Rexistro Xeral no que se inscribirán as existentes na Comunidade Autónoma e que , a través da consellería competente en materia de réxime local, lles prestará a debida asistencia e axuda.

No exercicio 2016, a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante orde do 14 de xuño de 2016 (DOG núm. 120 do 27 de xuño), convocou axudas específicas para investimentos destinadas ás asociacións veciñais de Galicia, coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

A vista do importante número de solicitudes presentadas ao abeiro da mencionada convocatoria, cincocentas corenta e dúas, das que resultaron beneficiarias trescentas sete, e co obxectivo de dar impulso efectivo da participación cidadá xunto ao fomento da vida asociativa nos concellos de Galicia de maneira especial dos seus distritos e parroquias



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 13:54
Nº Rexistro: 820
Data envío: 07/11/2016 13:54:15.699

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia convocar unha nova orde de axudas para o exercicio 2017 que colabore coa importante labor que se está realizando polo asociacionismo veciñal en Galicia”.

Santiago de Compostela 07 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteiro na data 07/11/2016 13:41:40

César Manuel Fernández Gil na data 07/11/2016 13:42:08

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 07/11/2016 13:42:19

Paula Prado Del Río na data 07/11/2016 13:42:36

Antonio Rodríguez Miranda na data 07/11/2016 13:42:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 13:43:08

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2016 13:43:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 968(10/PNC-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema Lexnet na Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 968
Data envío: 09/11/2016 16:29:28.299



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de Xustiza regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. Cómpre lembrar que o presidente do Estado naquel tempo era o Sr. José Luis Rodríguez Zapatero.

A comezos de 2016, comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema LexNet, mais con multitude de problemas: faltan medios persoais e materiais e estanse a producir tantas incidencias que quizais aconsellen un período de transición no que se poida simultanear a presentación telemática coa realizada en papel ata que se garanta o correcto funcionamento.

Tal é o caos, que no Grupo Parlamentario Socialista, recollendo as demandas dos distintos sectores da Xustiza, cremos que se deberían constituír comisións de seguimento en cada Comunidade Autónoma (en Galicia tamén), para evitar que se poidan poñer en perigo os dereitos á tutela xudicial efectiva e á seguridade xurídica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un período de transición no que se poida simultanear a presentación telemática coa realizada en papel, ata que se garanta o correcto funcionamento de LexNet.
2. Constituír comisións de seguimento en Galicia, para evitar que se poidan poñer en perigo os dereitos á tutela xudicial efectiva e á seguridade xurídica.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/11/2016 16:10:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/11/2016 16:10:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/11/2016 16:10:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 968
Data envío: 09/11/2016 16:29:28.299



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2016 16:10:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 1116(10/PNC-000103)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
en relación coa cooperación galega ao desenvolvemento

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e a través do seu portavoz **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**, referida á mellora da política de Cooperación ó Desenvolvemento como unha política social e pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego leva anos incumprindo reiteradamente os seus compromisos en cooperación, recortando e poñendo en perigo a calidade da cooperación galega. De feito, a política de cooperación ao desenvolvemento foi a política social máis recortada polo Goberno da Xunta, que caeu máis dun 64% desde o ano 2009, ano no que acadou o seu máximo histórico cunha dotación de 12 millóns de euros e un 0,1% de dedicación orzamentaria. Precisamos recuperar a política de Cooperación ao Desenvolvemento como unha política social e pública, con impacto, previsible e transparente, á marxe da loita partidista, e orientada á loita efectiva contra a pobreza e as desigualdades.

O goberno de Feijóo sempre estivo á cola das CC.AA solidarias e o peso da política de cooperación sobre a totalidade do orzamento galego sempre foi marxinal, pero aínda así foi gravemente recortada coa escusa da crise. Os recortes en cooperación ao desenvolvemento dificilmente tiveron impacto no control do déficit público e sen embargo si afectaron a centos de persoas de países empobrecidos. Actualmente Galicia destina o 0,04% dos seus orzamentos á cooperación ao desenvolvemento, a menor dedicación orzamentaria dos últimos 15 anos. En 2016, mentres 8 CCAA aumentaron a súa dedicación orzamentaria, en Galicia, malia que este ano aumentou o



orçamento xeral da Xunta, os orzamentos destinados á política de cooperación ao desenvolvemento seguen estancados.

O raquíτικο orzamento da cooperación galega dos últimos anos levou a que a Xunta non contase con fondos suficientes para publicar as convocatorias ordinarias dirixidas aos diferentes axentes de cooperación e previstas no III Plan Director de Cooperación Galega. Sendo estas o principal instrumento de financiamento e traballo para os axentes da cooperación galega así como a ferramenta a través da cal se garante a previsibilidade e estabilidade desta política pública e social.

En 2016, e por mor da insuficiencia orzamentaria, só se publicaron dúas das convocatorias habituais. Non viron a luz nin a convocatoria de axuda humanitaria, nin a de fortalecemento para ONGD, nin a de microproxectos, nin a de investigación ao desenvolvemento. E a convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior estivo dotada de ata 800.000 euros menos que no ano anterior. A consecuencia directa desta realidade son menos proxectos en marcha e graves problemas de planificación para os axentes de cooperación ao desenvolvemento, coma as ONGD. E o máis importante, moitas persoas excluídas de procesos de desenvolvemento que ían ter garantida unha mellor calidade de vida a través da promoción e defensa dos dereitos humanos, da construción de infraestruturas básicas e da loita contra a discriminación e as desigualdades de xénero.

Polo tanto, e para conseguir que os recursos de axuda social ao desenvolvemento sexan de calidade, responsables e previsibles, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate na Comisión 1.^a:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



1. Impulsar un crecemento anual, progresivo e previsible da axuda oficial ao desenvolvemento galega. Este crecemento terá sempre como horizonte o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia en materia Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo de 6 millóns de euros e acadando de forma progresiva e planificada o 0,2% ao final da lexislatura. O crecemento progresivo debe ligarse a un calendario de desembolsos público e planificado conxuntamente cos distintos axentes de cooperación.
2. Asegurar a previsibilidade e continuidade das distintas liñas de convocatorias públicas en concorrencia competitiva previstas no III Plan Director de Cooperación Galega e dirixidas aos distintos axentes de cooperación.
3. Establecer compromisos orzamentarios plurianuais asegurando índices de execución orzamentarios de polo menos o 90%

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/11/2016 13:40:13

Luis Villares Naveira na data 14/11/2016 13:40:23

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 1125(10/PNC-000104)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denunciadas referidas á inclusión por algúns clubs deportivos femininos nos contratos laborais coas súas xogadoras de cláusulas que posibilitan no caso de embarazo a súa rescisión unilateral

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1125
Data envío: 14/11/2016 14:01:37.919



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Recentemente en diversos medios de comunicación, tanto xeneralistas como do ámbito deportivo, se ten denunciado a práctica por parte de algúns clubs de ligas femininas de baloncesto (aínda que a cuestión pode estar suscitada en máis deportes) de incluír nos contratos de traballo asinados coas súas xogadoras cláusulas en virtude das que as entidades estarían facultadas para resolver unilateralmente a relación laboral no suposto de que as deportistas non puideran prestar o seus servizos temporalmente polo feito de estar embarazadas, ao considerarse este feito unha "deficiente conduta profesional" (termo este empregado literalmente no texto dos contratos).

Tamén desde a Asociación de Mulleres Deportistas Galegas (Mudega) se está a denunciar esta práctica laboral abusiva, que vulnera de forma flagrante o dereito laboral e que, sinaladamente, é contraria ao principio constitucional de igualdade. Estas cláusulas ("anti-embarazo") serían así nulas de pleno dereito.

O artigo 14 da Constitución española indica, dentro do título correspondente aos dereitos fundamentais, que os cidadáns no poderán ser discriminados por diferentes motivos, entre eles, por cuestións de sexo. Neste sentido, o Tribunal Constitucional, en interpretación do citado precepto, ten reiterado en numerosas ocasións (véxase STC 92/2008 e STC 124/2009) que o tratamento diferenciado por causas ligadas ao embarazo constitúe efectivamente unha discriminación directa por razón de sexo e en consecuencia unha vulneración do principio de igualdade.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na sentenza 17/2003, do 30 de xaneiro de 2003, o TC estableceu que “a protección da muller non se limita á da súa condición biolóxica durante o embarazo e despois deste, nin ás relacións entre a nai e o fillo durante o período que segue ao embarazo e ao parto, senón que tamén, no ámbito estrito do desenvolvemento e vicisitudes da relación laboral, condiciona as potestades organizativas e disciplinarias do empresario evitando as consecuencias físicas e psíquicas que medidas discriminatorias poderían ter na saúde da traballadora e afianzando, ao mesmo tempo, todos os dereitos laborais que lle corresponden na súa condición de traballadora ao quedar prohibido calquera prexuízo derivado *daquel estado*”.

Por isto, o lexislador configurou un mecanismo de garantía reforzada na tutela das traballadoras embarazadas que se plasma na Lei orgánica 3/2007 de igualdade efectiva de homes e mulleres, no Estatuto de los traballadores máis no RD 5/2000 que refunde a Lei sobre infraccións e sancións na orde social (LISOS).

Sexa por acción ou por omisión, o que parece claro é que determinados xestores de entidades deportivas non están á altura do sacrificio que realizan as profesionais do deporte, as que, aínda priorizando á súa carreira profesional, están no su lexítimo dereito de poder conciliar si o estiman oportuno a súa vida persoal, familiar e laboral dentro das posibilidades que outorga a lexislación laboral, ao igual que sucede co resto de traballadores.

Pero ademais, cómpre advertir, que no noso país non existen ligas profesionais, e isto está xogando a favor do denominado traballo non declarado, do que fala a Unión Europea, en no que subxace moito deporte feminino profesional. O que corresponde, polo tanto, é un exercicio de responsabilidade por parte da Administración deportiva para non admitir estas praxes, polo lesivas que son para as mulleres deportistas profesionais.

Debemos tamén lembrar que a propia OIT establece que o embarazo non constituirá causa xustificada para a terminación da relación de traballo. De feito, o artigo 4.1 da Recomendación nº 95 da OIT establece que será ilegal o despedimento das mulleres embarazadas desde o momento no que notificasen o embarazo ao empresario por medio de certificado médico.

 Grupo Parlamentario

Finalmente remarcar que o noso país asinou a Declaración sobre igualdade de oportunidades e de trato para as traballadoras no ano (xa) 1975, que no seu artigo 8.1. dispón que a muller embarazada estará protexida contra todo despedido por razón da súa condición durante todo o período de embarazo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o relatado, resulta inaprazable, ante as prácticas denunciadas, esixir responsabilidades ás nosas administracións do deporte por este desleixo na obriga de velar polo verdadeiro e inmediato cumprimento das normas e dereitos fundamentais expostos.

Desde o Grupo dos Socialistas de Galicia esiximos a inmediata actuación da Administración deportiva para poñer fin a esta práctica laboral discriminatoria coa mulleres deportistas, en flagrante vulneración do dereito fundamental a non discriminación por razón de sexo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que:

1º) Desenvolva de inmediato todas as actuacións precisas perante os clubs, as federacións galegas deportivas e, se proceder, ante a autoridade laboral, para prohibir e, no seu caso, declarar nulas, as cláusulas “anti-embarazo” nos contratos de mulleres deportistas.

2º) Dea conta destas prácticas laborais discriminatorias coas mulleres deportistas ao Consello Superior de Deportes (CSD), para que adopte todas as iniciativas lexislativas, federativas e de inspección laboral precisas para erradicar estas cláusulas vulneradoras do dereito constitucional á non discriminación por razón de sexo.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1125
Data envío: 14/11/2016 14:01:37.919



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

 **Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/11/2016 13:47:43**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/11/2016 13:47:55

María Luisa Pierres López na data 14/11/2016 13:48:02

 **Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/11/2016 13:48:18**

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 1368(10/PNC-000136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a creación dun novo xulgado do social no partido
xudicial de Lugo e, namentres, o nomeamento dun ou dunha xuíz
de reforzo

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2016 10:38
Nº Rexistro: 1368
Data envío: 21/11/2016 10:38:18.179

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A partido xudicial de Lugo conta na actualidade con tres Xulgados do Social. En diferentes ocasións o persoal que traballa nos mesmos solicitou ao TSXG a adopción de medidas de reforzo, quer específicas, quer para cada un dos órganos e mesmo chegaron a remitir unha proposta de plan de reforzo o 9 de setembro de 2014.

Un ano despois, o 27 de novembro de 2015, os tres Xulgados do Social celebraron unha Xunta Sectorial na que solicitaron a creación dun novo xulgado e no caso de non se incrementar a planta xudicial, que se acordase o nomeamento urxente dunha xuíza ou xuíz de reforzo, remitida á Sala de Goberno. Porén, ningunha das peticións recibiu resposta, o que ocasionou mobilizacións de protesta convocadas polas organizacións sindicais perante os Xulgados en abril de 2016.

A necesidade destas medidas de reforzo é imperiosa e faise evidente nas estatísticas dos Xulgados pois a media de entrada anual de asuntos é de 940 fronte ao módulo teórico para Xurisdición social que fixa o Consello Xeral do Poder Xudicial, 850.

Malia este volume de traballo e dunha pendencia de 1.181 asuntos, durante o ano 2015 efectuouse o nomeamento de xuízas e xuíces de reforzo en diversos órganos xudiciais da xurisdición mais estes non afectaron ao Social que se mantén coa mesma



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2016 10:38
Nº Rexistro: 1368
Data envío: 21/11/2016 10:38:18.179

estrutura.

Esta circunstancia provoca demoras de até 6 e 7 meses en asuntos urxentes e de até 2 anos noutros sinalamentos que afectan ás traballadoras e traballadores, por exemplo, en materia de salarios, incapacidades ou recoñecemento de dereitos laborais.

Por todo o dito fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Creación dun novo Xulgado do Social no partido xudicial de Lugo.
2. Mentres non se proceda ao incremento da planta xudicial que se nomee de maneira urxente unha xuíza ou xuíz de reforzo.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2016 10:38
Nº Rexistro: 1368
Data envío: 21/11/2016 10:38:18.179

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2016 10:30:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2016 10:30:29

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2016 10:30:36

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2016 10:30:41

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2016 10:30:49

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2016 10:30:53

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 2454(10/PNC-000255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno español respecto das discriminacións das persoas con discapacidade que desexan contraer matrimonio

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2016 11:18
Nº Rexistro: 2454
Data envío: 22/12/2016 11:18:52.848

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás discriminacións cara as persoas con discapacidade á hora de casar.

A partir do 30 de xuño de 2017 entrará en vigor a reforma do Código Civil aprobado o 15 de xullo de 2015 que se endurece para as persoas con discapacidades. Nesta reforma modificouse o artigo 56, de xeito que onde o texto aínda vixente dicía : *“si algún dos contraentes estiver afectado por deficiencias ou anomalías psíquicas, esixirase ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o prestar o consentimento”*, pasa a establecer *“si algún dos contraentes estivere afectado por deficiencias mentais, intelectuais ou sensoriais, esixirase polo Secretario Xudicial, ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento”*.

Esta modificación aumenta a discriminación das persoas con discapacidade, o que ata o de agora viñan sendo anomalías psíquicas queda ampliado a deficiencias mentais, intelectuais ou sensoriais. Todas estas persoas non poderán casar sen un preceptivo informe médico. Négaselle a capacidade de dar consentimento a unha persoa que non vexa, non escoite ou teña unha incapacidade intelectual.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2016 11:18
Nº Rexistro: 2454
Data envío: 22/12/2016 11:18:52.848

Estamos diante dunha auténtica barbaridade, un despropósito, unha discriminación inaceptábel para un número moi amplo de persoas, con deficiencias que non afectan para comprender o significado do matrimonio nin para prestar o consentimento ao mesmo.

O Bloque Nacionalista Galego súmase as demandas de rectificación que xurden desde os colectivos de persoas con discapacidade, en especial desde COGAMI e por esta razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e esixirlle que revoque a modificación do artigo 56 do Código Civil antes da súa entrada en vigor e se substitúa polo seguinte texto que propoñen desde as asociacións de discapacidade: *“Quenes desexen contraer matrimonio acreditarán previamente en acta ou expediente tramitado conforme á lexislación do Rexistro Civil, que reúnen os requisitos de capacidade e a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa, de acordo con previsto neste código. As persoas con discapacidade que precisen apoios para a toma de decisións non poderán ser excluídas por motivo da súa discapacidade do dereito a contraer matrimonio, sendo obriga das autoridades e persoal que interveñen nestes procesos prover dos apoios precisos para a formación e emisión do seu consentimento”*

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2016 11:18
Nº Rexistro: 2454
Data envío: 22/12/2016 11:18:52.848

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/12/2016 11:11:02

Ana Pontón Mondelo na data 22/12/2016 11:11:10

Xosé Luis Bará Torres na data 22/12/2016 11:11:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/12/2016 11:11:22

Noa Presas Bergantiños na data 22/12/2016 11:11:28

Olalla Rodil Fernández na data 22/12/2016 11:11:32

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 18.01.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 2592(10/PNC-000267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á elaboración dos distintos modelos de pregos de contratos públicos que incorporen as innovacións contidas na normativa galega, así como as guías que a desenvolveron e as novidades que incorpore a lexislación básica

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2016 17:43
Nº Rexistro: 2592
Data envío: 26/12/2016 17:43:50.183

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, María Antón Vilasánchez, Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia liderada polo Partido Popular de Galicia, impulsou na pasada lexislatura profundas novidades na lexislación autonómica en materia de contratación pública. Fíxoo a través do Título II da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico ou do Título III da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

Moitas das iniciativas recollidas nestas Leis como as medidas de fomento do acceso ás PEMES á contratación pública, de incorporación de cláusulas sociais ou de redución de cargas administrativas estaban xa inspiradas nas novas Directivas Europeas de Contratación Pública. Agora mesmo está en trámite nas Cortes Xerais unha reforma da Lei estatal de Contratos para adaptala a esas directivas e que incorpora, ademais das melloras que xa introducira de xeito pioneiro a lexislación galega, outras importantes modificacións.

Para facilitar aos distintos e moi dispares órganos de contratación do sector público a aplicación de todas estas novidades normativas, tanto galegas como estatais, sería conveniente a elaboración de modelos de pregos para os distintos tipos de contratos. Dende o Grupo Popular temos constancia que a Xunta de Galicia xa comezou este proceso máis, para maior seguridade xurídica, consideramos necesario que o complete o máis axiña posible incorporando tamén as novidades da nova lexislación básica.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2016 17:43
Nº Rexistro: 2592
Data envío: 26/12/2016 17:43:50.183

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a completar a elaboración dos distintos modelos de pregos de contratos públicos, que deberán incorporar todas as innovación contidas tanto na normativa galega e as guías que a desenvolveron así como as novidades que incorpore a lexislación básica”.

Santiago de Compostela 26 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/12/2016 17:38:48

Paula Prado Del Río na data 26/12/2016 17:39:03

Alberto Pazos Couñago na data 26/12/2016 17:39:22

César Manuel Fernández Gil na data 26/12/2016 17:39:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/12/2016 17:39:38

Maria Antón Vilasánchez na data 26/12/2016 17:39:43

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/12/2016 17:40:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/12/2016 17:40:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com